

Compromiso cunha alimentación saudable

EROSKI ADHÍRESE Á PETICIÓN DE OBRIGATORIEDADE DA IMPLANTACIÓN DA ETIQUETAXE NUTRI-SCORE

- Esta etiquetaxe nutricional avanzada supón unha importante mellora para facilitar unha alimentación máis saudable a través dunha maior transparencia informativa sobre a calidade nutricional dos alimentos
- Súmase a asociacións científicas e médicas, académicos, asociacións de consumidores e marcas de alimentación na súa petición ao Ministerio de Consumo e á Comisión Europea

Elorrio, 20 de maio do 2020.- [EROSKI](#) adheriuse á petición dirixida ao [Ministerio de Consumo](#) e á [Comisión Europea](#) para que a etiquetaxe nutricional avanzada Nutri-Score sexa un sistema harmonizado de etiquetaxe de carácter obrigatorio.

Xunto a un grupo de máis de corenta organizacións composto, entre outros, por asociacións de consumidores, académicos, organizacións de saúde pública e mais empresas e distribuidores, solicita a posta en marcha obrigatoria da etiquetaxe Nutri-Score no marco da estratexia europea "Da granxa á mesa", xa que é unha ferramenta fundamental para axudar os consumidores na toma de decisións de compra e alimentación máis saudables.

O modelo Nutri-Score creárono académicos das Ciencias da Alimentación, foi validado polo Ministerio de Sanidade e pola Unión Europea e conta co apoio da Organización Mundial da Saúde (OMS). Investigacións de varios países amosan claramente que Nutri-Score é actualmente o mellor sistema para axudar as persoas consumidoras a comparar a calidade nutricional dos alimentos e así poder tomar decisións máis saudables.

Pioneiros na súa implantación en España

"O noso compromiso co fomento dun consumo responsable lévanos non só a mellorar os nosos produtos, senón ademais a contribuír á educación social sobre hábitos alimentarios saudables. A transparencia informativa sobre a calidade nutricional dos alimentos é un aspecto crucial para o consumidor. Por iso a finais do 2018 tomamos a decisión de adoptar voluntariamente a etiquetaxe nutricional avanzada Nutri-Score para os nosos produtos de marca propia, de xeito pioneiro na distribución en España. Como non podía ser doutro xeito, agora unimos forzas con outros actores, xa que na actualidade é a mellor opción que existe para ofrecer unha información clara e detallada que axude as persoas consumidoras a tomaren decisións conscientes e con criterio á hora de encheren a súa cesta da compra.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es**EROSKI – OFICINA DE PRENSA****CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL

EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)

Milleiros das nosas Socias e Socios Consumidores aos que lles preguntamos por Nutri-Score trasladáronnos que esta proposta supón un claro avance cara a unha etiquetaxe nutricional máis completa, útil, práctica e comprensible, e que serve de axuda efectiva para configurar unha dieta saudable", explicou o director de Saúde e Sustentabilidade de EROSKI, Alejandro Martínez Berriochoa.

A etiquetaxe Nutri-Score presenta unha clasificación global do produto en función da súa calidade nutricional, nunha sinxela escala de cinco niveis indicados por cadansúa letra e cor (do "A" verde escuro ao "E" laranxa escuro). Os cálculos atenden ao contido por 100 gramos das calorías do produto, dos nutrientes beneficiosos para a saúde que contén (fibra, proteína, cantidade de froita, verdura, froitos secos e legumes), e dos nutrientes do produto dos que se recomenda unha redución da inxestión (graxas saturadas, sal e azucres). Desta maneira, ofrece información nutricional clara, transparente e accesible para calquera, o que permite coñecer de xeito sinxelo a valoración nutricional global de cada produto para poderlo comparar con outros semellantes e así elixir con mellor criterio para poder levar a cabo unha alimentación equilibrada, máis saudable e sostible.

"En EROSKI procuramos estar sempre á vangarda en materia de transparencia informativa e apostar polos sistemas máis avanzados para desenvolver un modelo obxectivo e fundamentado na información e recomendación das opcións máis equilibradas de cada variedade, tal e como recollen os nosos [10 Compromisos en Saúde e Sustentabilidade](#). É o caso de Nutri-Score", afirmou Martínez Berriochoa.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es**EROSKI – OFICINA DE PRENSA****CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL

EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)